



O NADAL



XXVIII

**certame
de
xornalismo**

**certame
de
poesía**



XXVIII CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

Patrocina:



DEBUXO LOGOTIPO:

XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:

XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:

XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»

DEP. LEGAL LU 408 – 2004

XXVIII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

Patrocina:



O B R A S O C I A L

A publicación dos traballos premiados é posible pola colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia.

De novo, O Nadal.

Chega este tempo no que todo se transforma e todos nós vivimos condicionados polo contorno tanto como polo sentimento; influídos por un espírito que nos invade; que invade o mundo, porque todos intuímos que de novo vai ocorrer algo especial.


O Nadal, para todos nós, é sempre sinónimo de Nacemento. De nacer de novo á fe, á esperanza, á caridade... De nacer de novo porque nace un Neno-Deus, e con el renóvase toda a nosa existencia.

É como un comezar de novo a vivir; vivir nun tempo diferente, que contén dentro de sí a salvación de todos nós.

Begonte vive este tempo con fervor e dedicación desde hai xa trinta e tres anos, e cada Nadal que chega traenos novas forzas e novas ilusións. Cada Nadal que vivimos é unha nova ocasión de reforzarnos en crenzas, traballos e esperanza no futuro.

Porque a través da nosa representación do nacemento do Neno-Deus queremos seguir contaxiando anacos de crenzas, de traballo e de esperanza no futuro.

¡Feliz Nadal para todos!



Xesús Domínguez Guizán
Presidente do Centro Cultural
«José Domínguez Guizán»

ARREDOR DO NADAL



POESÍA

XXVIII CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte, entidade promotora do Belén Electrónico co patrocinio de Caixa Galicia, co gallo do Nadal 2003 convoca o XXVIII Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal.

- 1.–Poden concorrer tódolos poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.
- 2.–O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.
- 3.–Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
- 4.–É libre a construcción dos poemas e a medida dos versos.
- 5.–Hanse concede-los seguintes premios:

PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 Euros e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 Euros e estatuíña de Sargadelos.

6.–A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de dous mil catro.

7.–Tódolos traballos han ser presentados baixo plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.

BEGONTE (Lugo), nadal de 2003

BASES

FALLO DO XURADO DO XXVIII CERTAME DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”



O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXVIII CERTAME DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”, formado por:

D. XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO
D. JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN (en representación da entidade convocante)
D. RAMÓN SOILÁN PENAS (En representación da entidade patrocinadora)
D. XULIO XIZ RAMIL (En representación da entidade convocante, que actúa como secretario), acordou conceder os dous premios instituidos:

- PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 Euros e estatuíña de Sargadelos, ó poema POEIRA DE LUZ, do que resultou ser autor BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO, (Mero).
- SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 Euros, e estatuíña de Sargadelos, a VUELVE LA NAVIDAD, de ALFREDO MACÍAS MACÍAS, de Huelva.

FALLO DO XURADO

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Xiz Ramil



BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (Mero)

Baldomero Iglesias Dobarrio (MERO), naceu en Vilalba en 1951. É mestre. Fundador de FUXAN OS VENTOS e A QUENLLA, ten adicada a súa vida á música e a poesía, tendo gravadas arredor de medio cento de cancións das que é autor da letra, e de moitas delas da música. Ten recollido milleiros de cancións populares por todo Galicia.

Ademais do libro colectivo “GALICIA CANTA Ó NENO”, ten publicado SOCIAIS (de terceiro, cuarto e quinto de E.X.B), EXPERIENCIAS (primeiro e segundo de E.X.B.), GALEGO-LINGUAXE (de primeiro a quinto), CONTOS DE VELLOS PARA NENOS, SOMOS LENDA VIVA (Lendas para nenos), e CANCOS, COPLAS E ROMANCES DE CEGO (I e II).

POEIRA DE LUZ

Contan que en noite de estrelas unha cometa do ceo
guiou nas sombras ás xentes que viñan de ver ó pequeno.

Musgos, liques e carriza, prados fermosos semellan
e as pólás dalgún piñeiro forman, no monte, arboreda.

Debuxan unha paisaxe feita de engado e misterio
e van enchendo aquel sitio que hai pouco estaba baleiro.

Polo medio pasa un río cheo de auga limpa e fresca,
feito con papel de prata ¡cantos anceios espella!

Ten parrulos e muíño e tamén un muiñeiro,
e ten peixes e abidueiras pois é un río chairego.

E alí, lavando as súas roupas, quedan dúas lavandeiras
e algúin pescador que lanza contando encher ben a cesta.

*Que non se oculte o amor debaixo das frías pedras
que non se esqueza o perdón por detrás dalgún silencio.*

Das casas saen carreiros con labras de serradelas
van ó Portal onde o Neno dorme un sono na barrela.

Figuras do pai e mai, a mula e o boi marela,
pastores que fan camiño, papel que arremeda o ceo.

Naceu naquel berce a estirpe que ós humanos se revela
fomentando os afectos, o perdón e a indulxencia.

Principio, orixe da crenza que vai alén do derecho
porque pregoa o amor e fai del o fundamento

e busca a liberación na paz e nunca nas guerras,
cando, se son ofendidos, poñen a outra meixela.

*Que non se oculte o amor debaixo das frías pedras
que non se esqueza o perdón por detrás dalgún silencio.*

Todo cuberto de neve, que é de fariña moi branca,
pon o adobio final a aquel Nadal da lembranza.

Folerpas de trapos brancos choven do alto cincuento,
foulas moídas na pedra, branda, do muíño albeiro.

Aquela fariña triga cobre os cumios das montañas
mesmo ás árbores e arrimos, mesmo os tellados das casas.

Xa está feito o Nacemento riba dunha porta vella
naquel recanto do cuarto onde a niguén lle molesta.

¿Que cara poñerá o Neno cando do sono esperte
e os seus olliños de luz vexan alí tanta xente?

No medio, da enorme noite, ten o Belén unha poeira
de brillos e de esperanzas, de coloridos e alentos.

*¡Que non se apague o amor debaixo das frías pedras!,
¡que non se oculte o perdón por detrás dalgún silencio!
...Que esa poeira de luz foi o agasallo do Neno.*



ALFREDO MACÍAS MACÍAS

Alfredo Macías Macías naceu en Huelva en 1945. Ten obtido máis de 600 premios literarios entre os que destacan o de novela “Casino de Mieres”, os de poesía “Rafael Alberti”, “Universidad de Murcia” e “Ciudad de Peligros”, e os de narrativa breve “Hucha de Plata”, “García Pavón” e “Uned”.

Ten publicadas as novelas “Memorias de un seductor”, “Historias de Al-Andalus” e “El dios Vulcano llora sobre Roma”; os libros de poesía “Ceremonia de la transfiguración” e “El retorno de Ulises”, e o ensaio “El fin del Mundo”.

A súa última novela publicada, “La casa de las geishas”, finalista do Premio Ateneo de Sevilla, é unha crónica da transición democrática española, contemplada a través da epopeia humana de máis de cen personaxes que abordan tódalas capas sociais.

VUELVE LA NAVIDAD

Vuelve la Navidad... Vuelve el misterio...
Y ya brilla la estrella solitaria...
Sobre el aura de Belén oigo el salterio
y la palabra amor que vuela y salta...
Vamos a repetir la misma escena,
tras dos mil años asidos a la esperanza...
La vida surca mares de sueño y pena
y queda poco bagaje en la balanza...

Somos igual que ayer, pobres mortales,
malos actores que simulan las palabras...
Ensayamos gestos y ademanes,
en el diario caminar sin alas...
Pero subimos por el tiempo con las manos vacías
y la muerte nos sorprende y nos espanta...
Y gritamos con miedo nuestra angustia,
la terrible duda de la nada...

Y estamos en Belén... Vuelve el misterio
y miramos la estrella solitaria...
que aún brilla su fuego y en la noche,
alguien ha abierto una brecha en la muralla...

Y agarramos la tabla que nos lanza,
esa sombra de fé que aún nos quedaba...
Y alguien lanza la red y estamos presos
y está presa la música del alma...

¿Que orquesta suena...?
¿Que resplandor divino,
nos aturde, nos llama y nos inflama...?
¿Que sones celestiales se armonizan,
en la paz callada de la plaza...?

Salimos al balcón y oímos voces
y un villancico resuena en la garganta...
Y la palabra Navidad que se repite,
como la luz del primer día pasa
y es que pasa el amor y está conmigo,
en la humilde azotea de mi casa...

Y lo siento ante mí y vivo herido,
de esta lanza de amor que hoy me embarga
y miro el firmamento estremecido
y no sé si me faltan las palabras,
para cantar el misterio de esta noche,
cuando estaba asomado a mi terraza
y una estrella se fijó sobre mi puerta
y pasó Jesús por mi ventana...

PRENSA

XXVIII CERTAME DE XORNALISMO “BEGONTE E O NADAL”

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

XXVIII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”

de acordo coas seguintes BASES:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algúns traballos ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e -en xeral- ó Nadal en Galicia.

B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos presentados, dotados con:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.- 600 Euros e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO.- 300 Euros e estatuíña de Sargadelos.

C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de 2004, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D. A presentación ha de facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan consta-los datos persoais do autor.

BEGONTE, NADAL de 2003

BASES

FALLO DO XURADO DO XXVIII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”



O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXVIII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”, formado por D. ANTONIO CALVO VARELA (Delegado provincial de Cultura), presidente; D^a BLANCA PACÍN SOMOZA; D. MARCIAL GONZÁLEZ VIGO; D. JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN e D. JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA, do Centro cultural de Begonte, que actúa como Secretario, examinados os traballos presentados, acorda emitirlo seguinte fallo:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 600 Euros e estatuíña de Sargadelos. Concédese a XOSÉ MANUEL CARBALLO, polo seu traballo “CADA FIGURA VOLVEU Ó BELÉN DE BEGONTE” publicado en *El Progreso*.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 Euros e estatuíña de Sargadelos, concédese a XOAN NEIRA polo artigo “NUN POBRE PRESEBE”, publicado en *El progreso*.

MENCIÓNS DE HONRA, dotadas con cada-súa estatuíña de Sargadelos, a: ZITA LÓPEZ TEIJEIRO, por “UN RECORDO ESPECIAL”, publicado en *El Progreso*, e RUTH FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, por XUNTOS NO NADAL DE BEGONTE, publicado en *Galicia Hoxe*.

O SECRETARIO DO XURADO

José Rodríguez Varela



XOSÉ MANUEL CARBALLO FERREIRO

Xosé Manuel Carballo Ferreiro naceu en Goberno (Castro de Rei da Terrachá), o ano 1944.

É crego, e exerce o seu ministerio en varias parroquias de Castro de Rei, entrelas a capital do Concello. Foi formador do Seminario de Mondoñedo.

Humorista e prestidixitador, por riba de todo é un home da Igrexa e da Cultura; animador cultural e auténtico vivificador social.

Ten publicado teatro (O MENCÍÑEIRO Á FORZA, RECOBROU O SORRISO O ELEUTERIO, ¿BO NADAL?), narración (PARÁBOLAS CHAIREGAS, DON OTTO DE VIAXE POLA CHAIRA, CONTRATO NULO), e comentarios de prensa, feito programas de Radio e dirixido o programa “HAI QUE CELEBRALO” en Televisión Lugo.

Ten acadado premios de xornalismo en Sarria e Vilalba; de investigación historica en Bazar (Castro de Rei) e, en dúas ocasións, o Premio de Novela do Concello de Vilalba.

En Begonte ten acadado en varias ocasións o primeiro premio do Certame de Xornalismo sobre O Nadal.

CADA FIGURA VOLVEU O BELÉN DE BEGONTE

VINTEDUAS

O Belén de Begonte xa é un referente nestas datas non só para o a Vila e Concello deste nome e para a Comarca Chairega, senón tamén para toda Galicia, e mesmo resulta coñecido en terras próximas doutras comunidades autónomas.

Un ano máis puiden comprobar con grata satisfacción que cada figura, cada edificación, cada estrela, cada nube e cada anaco de paisaxe segue no seu sitio, formando todo un conxunto harmónico coma en ano pasados. É certo tamén que cada ano se introduce algunha novidade que non é cuestión de describir por separado, senón de vivilas no contexto.

Preguntarase alguéun: -¿E por que non había de estar cada cousa no seu sitio coa pericia que dán tantos anos de experiencia?

Pois por razóns que quizabes non sexan de dominio público, pero que a min me fixeron abeirar temores de que puidese fallar este ano algunha das figuras principais.

Gocei, sen merecelo, de información privilexiada, e de fonte fidedigna, dalgúns acontecementos, cando menos desconcertantes, que se produciron o ano pasado á hora de poñerse a desmontar, recoller e embalar as pezas os esforzados mantedores do Belén.

Parece ser que no momento de botarlle a man a unha ovelliña escoitóuselle dicir con voz moi feble, pero clara: -Tratádeme con moito coidadío, que teño quebrada a pata esquerda de diante.

Nos ollos de tódolos adultos presentes houbo estupor. Mais non así nos dos dous nenos alí pre-

sentas; porque os nenos ben saben que as cousas falan, porque eles falan con elas e respóndenllles. Ademais, ámbolos dous estaban convencidos de que o Varela non se limita a dar movemento ás figuras, senón que, por ser un artimañas, tamén lles insufla unha especie de vida pequeniña. Por algo xa un dos nenos observara como nun abrir e cerrar de ollos un anxo voara lixeiro para situarse xustiño a carón dunha lavandeira velliña que sofre de mareos e podía caer no río ó inclinarse.

Unha veciña que acababa de facer un cursiño de xeriatría, foi á casa e volveu con algodón, gasas, esparadrapo e superglú. Arranxoulle a patiña á ovella, meteuna nunha caixa a ela soa e esta adormeceu ata a primavera.

Pero, a partires diso, ninguén ousaba botarlle a man a ningunha das figuras que pola súa propia natureza puidese ser animada. De modo e maneira que, pouco a pouco, foron desaparecendo: montes, árbores, pedras, casiñas, muíños, estrelas, melón... Así, quedaron animais e persoas despoxados da paisaxe e cada un pudo comprobar por sí o imprescindible que é a paisaxe para coñecer e enmarcar a cada persoa.

De tódolos peitos brotou un suspiro de alivio ó ver que Adrián se decidía a botar man ó Rei Baltasar; pero case se conxelan os suspiros ó oírlle dicir con voz diáfana ó Rei negro: -Non te tente o demo a poñerme con Herodes, Adrián. Hai entre nós profunda incompatibilidade de caracteres; xa que nós somos os eternos amigos de tódolos nenos, mentres que el é o eterno inimigo de tódolos pequenos. El é o que se abeira detrás das tiranías terroríficas. Nós

os que temos que agasallar a nenos mutilados polo terror e alentar o amor.

Interveu Melchor: -Mellor sería que ós Magos non nos recollesedes. Aínda nos queda moito traballo por facer, debido a que o noso é sementar o mundo de ilusión e as desilusións brotan e medran á presa como mala herba no terreo abonado dunha sociedade competitiva, consumista e agresiva que enxendra desencantos, frustracións e antidepresivos a cotío.

Accederon ós desexos de Melchor, aínda correndo o risco de que este ano non comparecesen os Magos á cita de Begonte por atopárense nalgúnha misión de rescate de cadáveres de inmigrantes no Mediterráneo, protexendo militares e civís en Irak, organizando brigadas de voluntarios para limpar novos jalipotes porcallentos en calquera costa, ou desactivando artefactos asasininos en calquera vía férrea. Por iso, e por outras cousas, é polo que temín que fallasen algunas figuras principais este ano en Begonte e en tódolos beléns.

As moitas xentes campesiñas dispersas polo Belén, por estaren habituadas a estreiteces e a mutilar caprichos de confort, só pediron que, a poder ser, no os separasen moito dos seus rabaños nin da mula e o boi e cumpríronse os seus desexos, pois tódolos membros do grupo de recollefiguras, por seren chairegos en activo, sabían moi to da compañía dos animais, aínda que poucos tivesen animais só de compañía.

Foron quedando para o final os tres personaxes centrais e imprescindibles de todo Belén de cristiáns, mentres non se nos prohiba tamén a

nós todo signo externo e público de relixiosidade; que en España somos moi dados a reproducir fielmente os erros dos franceses. Velaí outra das razóns dos meus temores.

O mesmísimo Neno-Deus, ou Deus-Neno, aliou perplexidades ó dicir con infinito sosego:

-No teñades medo a embalarme tamén a min nunha caixa. Facede o que teñades por costume, que, por máis que algúns se empeñen en ocultarme ou en recluírmee en sancristías, ninguén que me busque quedará sen atoparme.

Foi o mesmo crego de Begonte, D. Xesús, quen, por delegación tácita, lle preguntou: -¿E que nos aconsellas que fagamos con María, nosa Señora?

Respondeu o Neniño: -Podedes preguntarollo a ela mesma, que é Nai antes ca Señora. Suxírovos que a tratedes como á vosa Naicíña agarimos.

María envolveu a todos na súa tenra mirada; pero tamén todos puideron observar que polo seu docísimo e radiante rostro esvaraban dúas perlas, despendidas dos seus ollos de azul celeste.

Preguntouelle unha muller: -¿Por qué estás triste, María? ¿Apénate que se acaben as navidades?

-Non, filla, non.-Respondeu a Nai e continuou. O que me dá pena é que pasen as navidades sen case celebrar o Nadal. Dáme pena que para moitos as Navidades só sexan folclore pasaxeiro, que estas festas se convertan nun elemento máis para remarcar diferencias sociais, que se afoguen en espumosos cavas prantos de indixentes, que palabras como paz, amor y felicidade se degraden a simples cascadas de noz valeiras de contido, que a

retirada de xoguetes e adornos navideños dos escaparates dea paso, sen transición, a disfraces de an-toido. Quen más pena me dan son as nais, maltratadas de mil xeitos variados, que nin sequera teñen un presebe para os seus filliños nin a un Xosé bondadoso ó seu carón. Eu, naquela pobre cova, comparada con outras, fun moi afortunada.

María e Xosé cruzáronse dúas tenras miradas que se fundiron nunha soa.

O máis vello dos presentes ousou preguntarlle ó bo Xosé: -É certo, señor San Xosé, que ti renunciaches a tódolos praceres da paternidade para quedáreste só cos deberes da paternidade?.

Xosé como bo galileo e como bo galego, que xa o é tamén, respondeu preguntando: -Dimo ti que xa es avó, ¿Que dá pracer más duradeiro, enxendar fillos ou anainalos no colo e axudarles a medrar?

O mesmo Xosé, home de poucas palabras, por estar afeito a remoer grandes segredos, continuou: -Cae a tardiña sobre a apracible Chaira en calma. Vén a noite, pero sempre habemos de agardar confiados o alborexar dun novo amencer.

Completoou María humildosiña: -Non só agar-dalo Xosé, non só agardalo. Entre todos temos que acurtar a noite para adiantar a alborada.

Por entre a lene brétema do solpor albiscábase unha lúa en cuarto crecente, presaxio dun esperanzador ceo estrelado dunha noite de xeadas. E tamén este ano... ¡Gracias a Deus e a un grupo de esforzados veciños volveron a estar tódalas fi-guras no seu sitio en Begonte!



XOÁN NEIRA LÓPEZ

Naceu en Santiago de Meilán (Lugo, 1953). É mestre en Viveiro, onde vive.

Como poeta acadou os seguintes premios: *Meigas e Trasgos de Sarria*, Concello de Vilalba (en tres ocasións), *Certame Rosalía de Castro de Barcelona* (en dúas ocasións), entre outros.

Ten publicados os libros de poemas: *Memoria e soño* (1996), *Nas varandas do abreante* (2000) e *Ás catro augas* (2004) e os poemarios infantís *Recreos e Xiz de Cor*.

Publicou poemas nos xornais: *El Heraldo de Vivero*, *O Correo Galego* e nas revistas: *Guieiros*, *Anto*, *Lúa Nova*, *Cerna*, *Xistral*...

Colabora nas páxinas de *El Progreso A Mariña* onde publicou en 1997, 1998 e 2003 artigos que obtiveron nestas edicións o segundo premio de xornalismo Begonte e o Nadal.

NUN POBRE PRESEBE

VINTESEIS

Onte á tarde, véspera de Noiteboa, metidos no ciclo do Nadal que tradicionalmente, desde a antigüidade, coincide co solsticio de inverno e que actualmente non se sabe moi ben cando comeza porque non ben rematado o verán xa nos introducen nas próximas “festas”. Dicía que onte, véspera de Noiteboa, paseando por unha cidade galega corrián ríos de xente, a toda presa, entre luces multicolores (será para compensar as sombras da existencia que padecemos o resto do ano) e cánticos de fondo, cara aos grandes almacéns dispostos a aprovisionarse, a encher as súas casas de toda clase de obxectos materiais, os máis deles innecesarios. Definitivamente o consumismo apoderouse das nosas vidas.

Era unha barafunda imparable, robótica e nerviosa que ía e viña cun sorriso nos beizos e unha alegría calculada. Curiosamente neste mundo global e masificado, aparentemente comunicado, o ser humano séntese cada vez más só e illado. Recoñeo que son un home que non aturo as multitudes, por iso paseaba un pouco afastado, pareime e ollei con tristura aquel entusiasmo artificioso. Naqueles minutos desfilaron pola miña mente todas as miserias do ano que pasaron diariamente por diante dos nosos ollos con toda naturalidade. Pasei mala noite.

Hoxe, mentres isto escribo, anda a familia afanándose na cociña para que non falte de nada (seguro que sobrará de todo) na copiosa cea desta Noite e a un, que é de bo dente, non é o día que

máis lle apetece a comida pero compartir mesa e conversa cos seus é motivo suficiente para poñer boa cara.

Despois dos postres viñeron os regalos para todos, unha morea de paquetes que trouxo un tal Papá Noel, un personaxe alleo aos nosos costumes que se coou definitivamente nas nosas casas, adiantándose aos Reis Magos de Oriente. Na miña casa, non hai tanto tempo, esta Noite, antes dunha cea más ben frugal, rezabamos axeonllados diante dunha cruz grande de madeira, a carón da lareira, polos nosos defuntiños, polos más necesitados e polos enfermos e agardabamos, mentres ardía a carrocha, con ilusión e impaciencia a Noite máxica de Reis, aquela noite de insomnio na que deixaba a ventá entreaberta para que as súas maxestades depositaran no zapato ou na zoca un humilde agasallo. Se había sorte ¡Que ledicia más grande levabamos! e despois a cantar os Reis pola parroquia e pedir o aguinaldo.

Evidentemente mudaron os tempos, pero non me coce o corpo nin a conciencia por moito que meu sogro, Henrique da Cigoñeira, chairego de sabia retranca diga que “a conciencia era unha verza e comeuna unha vaca”, saber de tanta fame no mundo, tanta violencia de todos os xéneros e de tantainxustiza social. ¡Arde o orbe en mil lumes de morte! Os herodes de hoxe en día, son más e tan crueis como aquel Herodes que mandou matar todos os meniños menores de dous anos cando anunciaron a chegada dun novo Rei.

Corren tempos convulsos e aqueloutrados, miméticos e mediocres, estúpidos e noxentos onde o poder, o egoísmo e a mentira son valores á alza, en plena crise da escala dos auténticos valores ¿Que valores? e adoramos deuses e falsos mésias, estrelas fugacísimas de cartón.

Adurmiñados, anestesiados, hipnotizados na comodidade dos nosos fogares ficamos pasivos e indiferentes ou miramos para outro lado ante esta decadencia persoal e colectiva.

Cómpre unha revolución, unha re(e)volución para evitar o abismo. Xesús foi un revolucionario que predicou a súa mensaxe de liberdade, xustiza e Amor e deu exemplo co seu testemuño enfrentándose aos poderes públicos da época e as leis que os protexían, púxose do lado dos marxinados e dos desherdados e expulsou aos mercadores do templo ¡A cantes tería que expulsar hoxe? Predicou sobretodo a humildade, xa desde o seu berce, desde o seu nacemento nun pobre presebe dun pobre portal á calor do alento da mula e do boi, animais, por certo, ben coñecidos para nós. Predicou a Verdade e a Paz, hoxe deostadas, dous mil anos despois érguense vergoñentos muros de odio na terra que o viu nacer, ¡Terrible!

Cómpre, insisto, unha catarse individual e colectiva, un esforzo de xenerosidade e solidariedade (que non quede só en palabras) para recuperar non só o sentido dun Nadal absolutamente deturpado senón da propia vida.

Mañá irei a Begonte, un ano máis, e alí sentado en silencio reencontrareime comigo mesmo

ollando o labor comunal e incansable dun pobo chairego unido por lazos indestructibles que simbolizan aquel Belén de Oriente, recreando as horas e os días dos seus devanceiros, conservando os seus sinais de identidade nos seus traballo, nos seus oficios, nos seus sentimentos e con humildade e tenrura seguen o camiño certo da luz da Estrela que os leva ao verdadeiro presebe. Nesta obra iniciada polo cura don Xosé Domínguez Guizán, seguida e engrandecida polo seu irmán don Xesús , todo zumega sinxeleza e autenticidade arredor da familia, da veciñanza e da amizade, desde as propias figuriñas co seu natural movemento ata o ambiente de recollemento. Esculcarei, como a curuxa na escuridade, ata que me esperte o branco amencer sobre os cumes e volverei

coa mirada limpa como a auga do río. Uns minutos que me devolvan un anaco de humanidade e me fagan pór os pés na terra liberándome desta sensación de asfixia.

Convido a todos os que áinda teñen fe neles mesmos a que o visiten para que renaza o entrañable espírito de Nadal perdido e acenda un lume novo nos corazóns que non permita que nos arrastremos polos escaparates da vaidade e da soberbia mentres lembro ao gran poeta chairego Aquilino Iglesia Alvariño con aqueles fermosísimos versos da ” Oración do sapo” “...Dainos, Señor,/ un alpendre de sombra e de luar/ para cantar./ E un carreiriño de vagalumes/ polas hortas vizosas do teu reino/”



ZITA LÓPEZ TEIJEIRO

Naceu en Paradela o 19 de abril de 1990. Reside en Bexán (Cospeito), e na actualidade cursa 3º de E.S.O. no Instituto Trapero Pardo de Castro Ribeiras de Lea (Castro de Rei).

Ten acadado o segundo premio (categoría de 12 a 14 anos) no VIII Certame de contos e Relatos Curtos “Trapero Pardo”, convocado polo concello de Lugo o ano 2002, e o primeiro premio (Categoría 11 a 14 anos) no VIII Certame de poesía “Francisco Añón”, convocado polo concello de Outes en 2004.

Gosta de ler, escutar música, montar en bici, camiñar polo monte e observar os animais e as plantas.

UN RECORDO ESPECIAL

TRINTA

Agora que xa vou vella e se me queixan os ósos de que andiven demais, penso no pasado e en toda a miña vida. Na mente vou clasificando tódolos recordos, áinda que algúns resúltanme bastante problemáticos; ben porque quero olvidalos, ou ben porque son tan especiais que non sei onde metelos, como o da máis boa persoa que coñecín nunca: a señora Eulalia.

Eu tiña arredor de 50 anos e áinda residía no pobo onde nacera, a carón da casa da Eulalia. Por contar algo da miña vida, direi que traballaba nunha panadería, que estaba casada e que non tiña fillos e levaba sen pena nen gloria o aquel de non ter descendencia. En cambio, a Eulalia, que enviuvou moi nova antes de poder ser nai, tratou de suplir esa carencia enchendo de agarimo a tódolos raparigos dos arredores.

Os pícaros que vivían no pobo, especialmente tres ou catro de por alí cerca, andaban sempre adorando nela. De cando en vez construía para eles algún xoguete, por Nadal, prepaba a *chocolatada*, que consistía nunha enchedola a base de enormes cuncas de chocolate, biscoitos e outras agradables lambetadas que os rapaciños agradecían con gran alboroto. Daba gusto ver os cativos tan alegres e felices.

Despois da enchedola, ela pedáelles que lle montaran o belén; dáballes unha mesa e deixáballes facer. Todos colaboraban un pouco, traían musgo, pedras, area, garabullos e todo o necesario. Con palla e ramiñas facían o portal e colocaban nel con coidado á Virxe, o San Xosé, o Neno,

o boi e a vaca, e logo ocupábanse do resto, os pastores, as ovelliñas e, como non, os tres Reis Magos, a estrela que os guiaba, un anxo voando e un río prateado que baixaba a modiño polo monte.

De rematada a construccion, a Eulalia contáballes a historia do nacemento; así ano tras ano, e os rapaces non parecían cansarse de oír o mesmo relato, más nunha ocasión ocorreu algo que fixo cambia-las cousas: ó sacar as figurínas do armario no que estaban gardadas, a bolsa caeu ó chan e romperon case todas. Os nenos estaban desilusionados e xa era bastante tarde para ir mercar outras. Entón a boa da muller púxose a cavilar nalgunha cousa para recuperar aqueles sorrisos que tanto lle gustaba ver. E deu coa solución perfecta: propúxolle ir ver o belén de Begonte. Eles deveci-

an por saber qué tiña de especial más a Eulalia díxolle que era unha sorpresa.

Primeiro convenceume a min para que os levara a Begonte, e logo ós pais, mais estes sabían que coa señora Eulalia os seus fillos non tiñan perda. Así que un día, collín e metinos a todos na miña vella furgoneta e botámonos ó camiño. Foi boa a sorpresa que levamos, pois non nos imaxinabamos que o belén fora tan grande, tan magnífico. Os cativos miraban todo cos ollos coma pratos, impresionados por aquelas figuras que se movían por si mesmas. O belén semellaba ter vida propia. A todos nos quedou un recordo especial, tanto, que os nenos seguiron indo a velo moitos anos despois; e eu, metida aquí neste asilo, daría canto teño por velo unha vez máis.



RUTH FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

É licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela, na que realizou colaboracións co Departamento de Literatura Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral.

É colaboradora habitual de xornais como Galicia Hoxe e La Voz de Galicia. Tamén ten publicado traballos en *El Progreso*, *Lugoxove*, *Evohé*, *Moenia* ou *Unión Libre*.

Gañou o Premio de Relatos Curtos do Concello de Lugo, e o Premio Periodístico Manuel Reimóndez Portela, na súa novena edición, pola serie de traballos publicados sobre o fomento da lectura, sendo a primeira muller que recibe este galardón.

XUNTOS NO NADAL DE BEGONTE

TRINTA E CATRO

Tería sete ou oito anos cando fun por primeira vez ver o Belén de Begonte. Era moi cativa. Dende aquela, volví cada ano, coma unha cita obrigada. Aquel belén vivente impresionoume enormemente, máis ós ollos dunha nena que viu naquela montaxe todo un espectáculo de son e cor coma se da escenografía dunha representación teatral se tratase.

Comprobéi que aquelas figuriñas se movían como por arte de maxia, desempeñaban distintos oficios do campo. As terras cultivadas, os animais nas propiedades daqueles que traballaban de maneira continuada, mentres alá ó lonxe nacía un neno que se había chamar Xesús. Todo comezaba ó amencer. Iniciábanse os labores e cada personaxe, ocupando o seu posto coma a tripulación dun barco, cumplía coa mecánica oculta que non viamos os nenos.

Transcorría a xornada e chegaba a noite, o lugar ía escurecendo ata quedar todo negro, coma a noite pecha na que morrían os primoxénitos de cada familia por orde do rei Herodes. Pero tamén se podía vivir no belén a chuvia e a tormenta, cos lóstregos que debuxan no ceo o sinal que ten na cara o mago dos nenos, Harry Potter, coa súa cicatriz. O belén era fantástico. E todos intentabamos repetir outra sesión, se se podía. Ás veces había moita xente esperando.

O Belén de Begonte segue a ser un dos que hai que visitar na provincia de Lugo. Permanece inmutable, sen alteracións que vaian más alá das reformas necesarias para o bo funcionamento.

Cando chega o Nadal á cidade de Lugo pénsase na árbore, nas xuntanzas familiares, nos Reis Magos e no belén de Begonte, coma unha casa aberta a todo aquel que por esas datas queira entrar na vivencia dunha montaxe artística ó servizio dos seus visitantes.

Cando os cativos van alí por primeira vez, volven para o fogar con outra percepción do Nadal. Ven de maneira clara o que se lles conta moitas veces e que non logran entender. É unha historia máis, coma a da xente normal das aldeas onde viven os avós. Nun castelo hai un rei cruel ó que parece que non lle gustan os nenos. Chámase Herodes. Nun pequeno portal, entre a calor dun boi e dunha vaca nace un neno. Os seus pais son pobres. El é moi bonitiño e está deitado entre as pallas, como dín os vilancicos populares.

Os nenos, mentres contemplan o belén “vivente”, amosan nos seus ollos un brillo especial, coma se experimentasen outra sensación diferente. Van coas familias ou en excursión co colexió e volven cun calendario que leva unha imaxe do que nunca se borrará da súa mente: Begonte e o seu belén no Nadal.

Chegan os primeiros días de decembro e comezan a escribirse as felicitacións, algunas van para moi lonxe, precisan o tempo. Non vaia ser que por problemas de moito correo nos últimos días non cheguen ó seu destino no seu momento. As rúas e os comercios deixan ver que as festas chegan, coa súa típica simboloxía , coas

cores vivas e coas iconas da estrela fugaz da paz, que guía ós Reis Magos ata o portal onde naceu o Neno, o adoptado Papá Nöel e maila árbore de Nadal, ese piñeiro que, xunto co acivro que comen os cervos, representa en todos os países as datas que se proximan.

É o Nadal tamén a época do ano na que se lembra ós que están fóra e ós que xa non están connosco. A lembraza trae á memoria imaxes doutra época, sufrindo coas persoas que marcharon do noso lado. Por iso o Nadal se converte ó mesmo tempo en días de tristura, entre todo o mar de ledicia. Volvamos a mente cara aatrás e vaiamos por primeira vez a Begonte, para ver o Belén, para ter diante dos ollos a experiencia do Nadal vista, entendida por un neno.


Está todo branco fóra, vemos caer as folerpas de neve a través das fiestras e ole a mandarina, é un dos arrecendos propios destas datas, xunto ós doces sabores dos turros e dos pratos típicos dos festexos, en cada fogar, que se enche de calor humana, palabras de amor e xoguetes para os más pequenos.

Pero tampouco nos podemos esquecer nestas datas, de toda aquela xente que non ten nada que comer, dos nenos que non terán nada debaixo da árbore como gasallo, quizais porque nas súas chabolas tampouco haberá ningún piñeiro engalanado con cintas nin con luces escintilantes. Non visitarán o Belén de Begonte nin ningún outro, non verán o Nadal nada máis que en que é

decembro. Non terán na mesa nin polvoróns, nin figos pasos, tampouco lagosta nin caviar. Sorte se tiveran auga, ¿quen pensa na champaña e nos bos viños? Só algo para levar á boca e unha boneca vella para que xoguen os seus catro fillos, nunha familia desas.

Merquemos unha libra menos de turrón para nós e démosllela a eles. Ou uns paquetes de pastas e latas, que dende os centros comerciais onde os recolle a xente que traballa nese tipo de axuda en acción se mandarán ós destinatarios. Se iamos

gastar centos de euros en xoguetes para os cativos da familia, non nos guiemos polo consumismo e reservemos algo para eses nenos que non teñen nada. Polo menos levemos a algunha asociación parte dos xoguetes vellos, que non estragados. Podemos crear unha pequena ilusión con pouco máis que un coche ou unha boneca que están no garaxe, collendo po. Todo o que sirva para debuxar o sorriso dun neno e implantarlle unha dose de esperanza na vida é pouco. O Nadal é o mellor momento de facelo.



XUNTA DE GALICIA

Dirección Xeral de Política Lingüística

CENTRO CULTURAL «JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN»
DE BEGONTE (LUGO) – DEC. 2003 - XANEIRO 2004